



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2022**

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

### **REUNIDOS:**

D. \_\_\_\_\_ vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das súas competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, don \_\_\_\_\_, como Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia (en diante COMG), entidade domiciliada na Coruña, \_\_\_\_\_, segundo consta na Acta da Xunta Directiva extraordinaria, celebrada telematicamente o día 25/02/2022, para o nomeamento de cargos da COMG.

Ambos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto

### **EXPOÑEN:**

**Primeiro.-** O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Pola súa banda, o apartado 7 do mesmo artigo puntualiza que cando un convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento.



**Segundo.-** O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (en diante VCEEI), configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

**Terceiro.-** O Regulamento de Réxime Interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 alínea primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería. Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de Réxime Interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 9 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, o Catastro Mineiro de Galicia, que constitúe información de apoio para a xestión interna e a definición da política mineira da Comunidade Autónoma, xestiónase a través da COMG.

A xestión lévase a cabo mediante unha plataforma informática que integra información relativa aos dereitos mineiros da Comunidade Autónoma, dándolle acceso ao público, de xeito áxil e eficiente, a través dunha web que serve como ferramenta de consulta e de publicidade activa no ámbito da minería.



**Quinto.-** Para o fomento da industria mineira a VCEEI e a COMG consideran relevante a realización dunha serie de programas de actuación, en materia de comunicación, de asesoramento, de información e documentación ao sector mineiro e de promoción social e cooperación con outras entidades, así como a actualización, mellora e mantemento do Catastro Mineiro de Galicia.

**Sexto.-** Por todo o anterior, as actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.a) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da VCEEI, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á COMG.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións**

1.- Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Vicepresidencia segunda e consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para a realización dunha serie de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia.

2.- As actuacións obxecto do convenio englobanse en catro programas que se describen a continuación:

a) **Programa de comunicación cos socios.** Este programa inclúe aquelas actividades que teñan por obxectivo proporcionar información de interese para a comunidade mineira e para o sector en xeral, incluíndo a difusión das actividades que organiza ou nas que participa a COMG, de conformidade co principio de transparencia nas súas actuacións.

Desenvolveranse as seguintes actividades:

- Redacción de contidos e edición do Boletín informativo da Cámara, como medio de difusión das actuacións e actividades nas que participa a COMG e as principais novidades no sector mineiro.
- Comunicación cos membros da comunidade mineira a través de circulares informativas remitidas por medios electrónicos e dixitais.
- Elaboración e difusión da memoria anual de actividades da COMG en formato dixital.



**b) Programa de Asesoramento e Documentación.** Este programa inclúe a asistencia técnica e xurídica, tanto respecto do sector en xeral, atendendo ás súas demandas e necesidades que terán que estar relacionadas co interese xeral do sector, como respecto da Administración, en exercicio de funcións consultivas, sen prexuízo das actuacións específicas que sexan obxecto de financiamento independente e das que se enmarquen na prestación de servizos pola COMG.

Inclúense as seguintes actividades:

- Elaboración de informes, estudos e propostas.
- Elaboración de estatísticas.
- Redacción de alegacións relacionadas co interese xeral do sector.
- Atención e resposta a consultas sobre temas relacionados co sector mineiro.
- Adquisición de documentación e subscricións a publicacións técnicas e xurídicas relacionadas co desenvolvemento do sector, e difusión das mesmas ou posta a disposición da comunidade mineira.

Dada a necesidade de atender ao interese xeral que figura no obxecto do convenio, quedan expresamente excluídos deste apartado os asesoramentos que teñan que ver con temas particulares a empresas concretas do sector, sendo o obxecto deste programa a realización de asesoramentos sobre asuntos xenéricos, como os relacionados con tramitación administrativas, implantación de normas, aplicación de ITC, etc, e en ningún caso sobre asuntos nos que se poida invocar á aplicación da Lei 1/2019, de segredos empresariais, para evitar dar datos sobre a actividade realizada.

**c) Programa de representación, promoción social e divulgación do sector.**

Este programa inclúe as seguintes actividades:

- Organización pola COMG de actividades promocionais e de divulgación do sector.
- Colaboración e participación en actividades de promoción e divulgación do sector promovidas por outras entidades.
- Mantemento e actualización do contido da páxina web da COMG como ferramenta de promoción e divulgación do sector, ademais de canal de comunicación cos seus membros, así como o mantemento técnico da web da plataforma Minaría Sostible de Galicia.
- Convocatoria anual dos Premios Santa Bárbara.
- Actuacións relativas á promoción do patrimonio mineiro de Galicia, que teñan como obxectivo a posta en valor do patrimonio mineiro e xeolóxico como instrumento de desenvolvemento e de integración territorial e social.



Neste programa enténdense incluídas as xornadas, simposios ou congresos organizados pola COMG que teñan como obxecto a divulgación de contidos de interese para o sector, a análise de aspectos xurídicos, técnicos ou económicos de interese para o sector, ou a realización de actividades de difusión e promoción do sector.

#### **d) Programa para o mantemento e actualización do Catastro Mineiro de Galicia**

Co fin de garantir tanto o acceso público ao sistema de información como a validez da información contida no catastro mineiro é preciso que se desenvolvan actuacións de mantemento que aseguren o correcto funcionamento da plataforma informática e tarefas de actualización da información mineira.

Entre as indicadas tarefas de mantemento e actualización, inclúense:

- Mantemento do sistema de licenzas, renovación do aloxamento do servidor, mantemento paliativo do servidor, copias de seguridade mensuais da base de datos alfanumérica e copias de seguridade das capas de información xeorreferenciada.
- Actualización da información contida no sistema mediante a inclusión de información relativa a novos dereitos, así como a actualización do estado dos dereitos incluídos, a través das seguintes vías:
  - colaboración directa coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, para o que se levarán a cabo tarefas de coordinación coa Administración para a actualización e contraste dos datos contidos no Catastro Mineiro de Galicia.
  - consultas ás empresas mineiras (titulares e explotadores), así como consultas de información publicada e doutras fontes para o contraste de datos.
- Actualización de información adicional recollida nas diferentes capas do sistema informático a través da colaboración con distintos organismos como o Instituto Geológico y Minero de España (IGME), o Instituto de Estudos do Territorio (IET), o Instituto Geográfico Nacional (IGN), o Ministerio de Transición Ecolóxica, as Confederacións Hidrográficas ou a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, entre outras.

Ademais desta actualización da información contida no sistema, levarase a cabo un “proceso de actualización evolutiva” do sistema, mellorando a súa funcionalidade e incluíndo novos bloques de información que resulten de interese para o sector, a indicación ou en coordinación coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Tanto nas actuacións de mantemento como no proceso de actualización evolutiva do sistema, sempre que sexa tecnicamente viable, mantendo a eficacia do sistema, optarase por solucións baseadas no uso de software libre.



En toda a documentación que se xere como consecuencia da xestión do Catastro Mineiro de Galicia na que figure nominativamente a COMG, farase constar que esta actúa na súa cualidade de encargado da xestión do Catastro Mineiro de Galicia, en particular, na documentación precontractual e contractual con provedores e terceiros.

O Catastro Mineiro de Galicia constitúe un instrumento da Comunidade Autónoma de Galicia polo que, sen prexuízo da súa finalidade de subministración de información accesible ou publicidade activa, corresponde á VCEEI a propiedade intelectual por tempo indefinido da documentación ou información elaborada con motivo de ou resultante da xestión do Catastro Mineiro de Galicia.

Respecto de toda a información que a VCEEI subministre á COMG para a xestión do Catastro Mineiro de Galicia que non sexa obxecto de publicidade activa, a COMG non poderá facer uso dela nin con fins comerciais nin para a súa utilización posterior na elaboración doutros traballos sen autorización previa por parte da Administración.

### **Segunda.- Interese público concorrente**

Nos termos descritos na parte expositiva, as actuacións descritas na cláusula anterior, consonte coa finalidade da COMG, teñen como obxectivos o fomento e a mellora do sector mineiro e da súa competitividade, incidindo na aplicación das mellores técnicas nos ámbitos da seguridade e saúde e ambiental, así como a promoción do coñecemento do sector pola sociedade, con especial atención á garantía da cohesión social e territorial.

### **Terceira.- Custo das actuacións**

1.- O custo total das actuacións obxecto do convenio estímase en **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, IVE incluído, o cal se detalla a continuación:

<b>PROGRAMAS ORDINARIOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>
Programa de comunicación	10.000,00
Programa de asesoramento e documentación	12.000,00
Programa de representación, promoción social e divulgación do sector	23.000,00
Programa para o mantemento e actualización do Catastro Mineiro de Galicia	35.000,00
<b>TOTAL CONVENIO 2022</b>	<b>80.000,00</b>

2.- Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á VCEEI, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse se levará a



cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto do programa subvencionado coa limitación do 20 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida a un programa mais un desvío producido como máximo do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características dos programas.

#### **Cuarta.- Obrigas da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**

1.- Para o financiamento dos gastos que xeren as actividades obxecto deste convenio e que se recollen na cláusula primeira, a Xunta de Galicia, a través da VCEEI, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, ata un máximo de **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria **06.02.734A.481.0**, proxecto 2015/00267 na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

2.- No suposto de que se produzan variacións á alza no custo final total das actuacións, calquera que sexa a causa, ditas variacións serán asumidas integramente pola COMG, sen que en ningún caso a obriga de financiamento da VCEEI poda exceder da cantidade de 80.000,00 €.

#### **Quinta.- Carácter da achega**

De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención de concesión directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, a cal se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

#### **Sexta.- Obrigas específicas da COMG**

1.- Á COMG correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución dos programas obxecto deste convenio e cumprir as condicións e obrigas recollidas nel.

2.- Co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio, asumirá a dirección das actuacións e asignará os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, poderá subcontratar ata o 100% dos servizos precisos para desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira do convenio, asumindo



expresamente o contido dos límites e deberes establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

De acordo co establecido no devandito apartado 7.d) do artigo 27 da Lei 9/2007, así como no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ao considerarse entidades vinculadas os membros asociados do beneficiario, a subcontratación con algún asociado da COMG ou con calquera persoa física ou xurídica que se poida considerar vinculada, queda supeditada a que se faga en condicións de mercado e coa previa autorización do órgano concedente.

Así mesmo, de acordo co indicado do artigo 29.3 da Lei 9/2007, cando algún dos gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a COMG deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que se dea algunha das circunstancias que figuran no mencionado artigo 29.3 e que deberán ser xustificadas pola COMG.

3.- Sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio, así como das obrigas que resulten da lexislación orzamentaria, de subvencións e da restante normativa aplicable, a COMG comprométese a executar as actuacións descritas na cláusula primeira nos termos seguintes:

- a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e 31 de decembro de 2021.
- b) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.
- c) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

### **Sétima.- Obrigas previas á sinatura do convenio**

Con carácter previo á subscripción deste convenio, a COMG acreditará, ante a VCEEI, o seguinte:

1.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización á VCEEI para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou ben por unha declaración responsable



do solicitante, consonte o artigo 11.h do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para o funcionamento e cumprimento das funcións da COMG obxecto deste convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo III.

#### **Oitava.- Gastos subvencionables**

Consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades obxecto deste convenio, estean directamente relacionados co obxecto de cada programa, se correspondan coas actividades relacionadas nos epígrafes da cláusula primeira para cada programa e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos axustaranse ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do presente convenio.

Consideraranse subvencionables:

- Os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos financeiros ou periciais, así como os de administración



específicos, en todos os supostos anteriores sempre que os ditos gastos estean directamente relacionados coas actividades dos programas subvencionados e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución dos mesmos.

- O gasto derivado da revisión da conta xustificativa á que se fai referencia na cláusula décimo cuarta ten a condición de gasto subvencionable e para os efectos deste convenio terá a consideración de gasto directo.
- Os gastos derivados da realización de auditorías ou revisión das contas xerais da COMG terán a consideración de gastos indirectos.

Os gastos directos figurarán desagregados, por programa e actividade, segundo os cadros 1 e 2 do anexo I do texto deste convenio.

Os gastos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen polo beneficiario ás actividades obxecto do convenio e, sempre que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade, sen que o seu importe poida superar o límite do 10% respecto do importe total subvencionable.

Os gastos indirectos figurarán desagregados, por programa, segundo os cadros 3 e 4 do anexo I do texto deste convenio.

Respecto do programa c) constitúen gastos directamente relacionados co obxecto do programa os gastos de desprazamento, aloxamento, manutención e matrícula ou inscrición indispensables para a participación en actividades de divulgación e formativas do sector mineiro, promovidas por outras entidades e, en todo caso, os gastos directos das actividades formativas ou de divulgación organizadas pola propia COMG.

Respecto dos programas a), b) e d), os tipos de gastos indicados no parágrafo anterior mais os relativos a reunións non poderán superar o 10% do total do importe do programa, debendo xustificarse, en todo caso, que teñen relación coas actividades previstas nos citados programas.

Os gastos de asesoría de calquera tipo (xurídica, financeira, técnica) deberán xustificarse mediante facturas individualizadas para as distintas actuacións de cada programa nas que se detalle no concepto unha relación individualizada das actividades concretas efectuadas e, no seu caso, dos asesoramentos concretos efectuados, sen que se consideren válidas facturas de asesoramento xenéricas ou sen detallar.

O imposto sobre o valor engadido considerarase subvencionable cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da COMG.

Non se considerarán subvencionables os seguintes gastos:



- Os de amortización de elementos inventariables.
- Os gastos financeiros (salvo os directamente relacionados con algunha das actividades)
- Os gastos de garantía bancaria.

Tampouco se considerarán subvencionables os gastos previstos no punto 7 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Os intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

#### **Novena.- Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de segredos empresariais**

A invocación por parte da beneficiaria da Lei 1/2019, de segredos empresariais para non facilitar a información ou documentación que o órgano concedente ou calquera dos outros organismos de control mencionados neste convenio lle solicitase, será motivo suficiente para considerar o gasto asociado a esa documentación ou información como non subvencionable ao non poder ser debidamente fiscalizado, quedando, polo tanto, fóra da conta xustificativa que se presente.

#### **Décima.- Obtención doutras subvencións ou recursos**

En aplicación do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a percepción desta axuda será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para as mesmas finalidades, procedentes de calquera Administración Pública ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás con subvencións outorgadas pola VCEEI para proxectos específicos ao abeiro da convocatoria de subvencións para o fomento do sector mineiro galego, sen prexuízo do importe finalmente xustificado, quedando excluídos do ámbito deste convenio os ditos proxectos específicos polo seu importe total.

En calquera caso o importe da axuda a percibir en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo total do investimento que se considere subvencionable.

A COMG deberá comunicar á VCEEI a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a súa sinatura.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se teña coñecemento das anteriores circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



### **Undécima.- Facultades de inspección e control**

1.- Sen prexuízo do disposto no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a VCEEI poderá levar a cabo as actividades de inspección e comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto e das obrigas deste convenio.

2.- Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, a COMG deberá prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.

### **Décimo segunda.- Transparencia e publicidade da colaboración**

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da VCEEI, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da VCEEI e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

4.- Este convenio e as actuacións administrativas que del se deriven estarán sometidas ás obrigas de información activa e pasiva que se establecen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais lexislación aplicable en materia de transparencia.



### **Décimo terceira.- Relación laboral coa consellería**

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

### **Décimo cuarta.- Conta xustificativa**

1.- A COMG terá de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 1 de decembro de 2022.

En relación aos gastos de persoal, e de acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a COMG acreditará, mediante certificación expedida ao efecto, os gastos correspondentes a actuacións efectivamente realizadas dentro do período de vixencia do convenio e dos que non existira a posibilidade de ser aboados antes da data límite prevista para a súa xustificación. Para os efectos de control e verificación dos gastos incluídos neste suposto, a documentación adicional acreditativa destes pagamentos presentarse, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2023.

2.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase mediante a presentación por parte da COMG da seguinte documentación:

- a) Declaración responsable do representante legal da entidade ou da persoa que teña atribuídas as facultades para o rendemento da conta xustificativa, do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.
- b) Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa, segundo o modelo recollido no Anexo I, que inclúa o seguinte:
  - Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado, na que se especificarán en detalle as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución dos programas financiados, conforme á desagregación orzamentaria establecida na cláusula terceira do convenio. En particular, achegarase un listado por cada un dos programas subvencionados coa relación dos estudos, informes, xornadas, actividades formativas ou de asesoramento e actuacións de divulgación realizadas ou nas que se teña participado.

Incluirá a xustificación sobre o impacto da axuda de cara á consecución da finalidade perseguida e do cumprimento dos obxectivos do convenio.



No seu caso, achegarase un exemplar dos estudos ou informes elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteñan do desenvolvemento de cada programa. Para o caso concreto do Programa para o mantemento e actualización do Catastro Mineiro de Galicia redactarase unha memoria específica na que se incluírán as actuacións concretas realizadas no sistema informático de xestión do Catastro Mineiro de Galicia (tanto as actuacións de mantemento como as relativas ao proceso de actualización evolutiva) e as modificacións realizadas nos rexistros correspondentes aos dereitos mineiros. A relación das modificacións efectuadas no Catastro entregarase, ademais, en formato de folla de cálculo.

- Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas ao abeiro deste convenio que conterá unha relación clasificada das actividades realizadas e dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable legal da entidade. Os gastos figurarán ordenados e desagregados por actividade. Ademais do formato papel entregarase en formato dixital, como folla de cálculo, de acordo aos modelos establecidos no anexo I. En follas de cálculo aparte figurarán as relacións de gastos correspondentes ás axudas concedidas compatibles co presente convenio, así como a porcentaxe de imputación segundo o anexo I.
- Informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.

O nomeamento do auditor farase por parte da COMG. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa ten a condición de gasto subvencionable.

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas Normas de Actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como as pautas establecidas no anexo II deste convenio.



O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou tanta información lle solicitou o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

Así mesmo incluírá o resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

- c) Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e achegala cando sexa requirida polo órgano concedente para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para a actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.
- d) Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para o funcionamento e cumprimento das funcións da COMG. A declaración presentada acompañarase do Anexo III.
- e) Certificados de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización á VCEEI para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou ben por unha declaración responsable do solicitante, consonte o artigo 11.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento.



- g) Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

Os órganos competentes da VCEEI poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

### **Décimo quinta.- Pagamento**

1. O pagamento da achega económica da VCEEI realizarase, de conformidade co artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo importe máximo e coas condicións establecidas na cláusula terceira deste convenio.
2. De conformidade co contemplado no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o 63.1.uno do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevese a posibilidade da realización de pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes ao presente convenio. De acordo cos límites cuantitativos especificados no artigo 63.1.Uno do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para as subvencións correntes o importe máximo en concepto de anticipos será de **20.600,00 € (VINTE MIL SEIS CENTOS EUROS)**, importe resultante de aplicar o 80% sobre os primeiros 18.000 € da achega máxima prevista para o presente convenio na cláusula cuarta e o 10% sobre a cantidade restante. O anticipo deberá ser solicitado pola COMG.
3. Dada a natureza dos gastos subvencionables, prevese a posibilidade da realización de pagamentos a conta. A COMG poderá facer unha única solicitude de pagamento a conta, con data límite o 1 de outubro de 2022. O importe solicitado aboarase tendo en conta exclusivamente os gastos correctamente xustificadas e non superará a porcentaxe do 80% dos mesmos.

Segundo o artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación aos pagamentos a conta e aos anticipos que no seu caso se teñan concedido, o importe conxunto destes pagamentos que se concedan, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

A realización do pagamento está exenta da constitución de garantía de acordo co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, segundo o cal encóntranse exentos os beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.



### **Décimo sexta.- Perda do dereito ao cobramento**

Segundo o disposto no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, producirase a perda do dereito da COMG ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da antedita Lei que resulten aplicables.

### **Décimo sétima.- Reintegros**

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

- a) Sempre e cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro parcial segundo os seguintes criterios:
  - O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
  - A realización de gastos fóra do prazo de execución, suporá a devolución das cantidades investidas fóra de prazo.
  - A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula décimo cuarta deste convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- b) Incumprimento das obrigas da COMG recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.
- c) No caso de que tivera lugar a concorrencia doutras axudas que puideran superar o custo das actuacións, a achega da VCEEI minorarase na cantidade correspondente. O beneficiario, de ser o caso, terá que reintegrar as cantidades correspondentes e os xuros de demora dende o momento do pago da axuda.

### **Décimo oitava.- Comisión de seguimento**

1. A comisión de seguimento estará formada por un representante da VCEEI e un representante da COMG.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime



xurídico do sector público.

2.- As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas
- e) Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio

### **Décimo novena.- Extinción do convenio e causas de resolución**

1.- Este convenio extínguese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- b) O acordo unánime das partes asinantes
- c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- d) Calquera outra causa previstas nas leis

De resolverse o convenio, a VCEEI poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

### **Vixésima.- Vixencia do convenio**

1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro de 2022. Consonte ao recollido no apartado 3.a) da cláusula sexta, admitiranse actividades do presente convenio anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2022.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

### **Vixésima primeira.- Natureza xurídica e réxime xurídico**

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en



virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola VCEEI, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido este documento, e en proba de conformidade, asínase polas partes, en triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O vicepresidente segundo e conselleiro  
de Economía, Empresa e Innovación

O presidente da Cámara Oficial  
Mineira de Galicia



**ANEXO I MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2022.**

D. ...., como representante da COMG con NIF ..... enderezo en ..... e beneficiaria do Convenio de Colaboración coa Vicepresidencia segunda e consellería de Economía, Empresa e Innovación por un importe de ..... €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por importe de .....€ e, en cumprimento do disposto na cláusula décimo cuarta do devandito convenio, rende ante a dita Consellería a conta xustificativa do gasto realizado composto por unha **Memoria de Actuacións** que se acompaña e unha **Memoria Económica abreviada** xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña e que inclúe os Cadros 1, 2, 3 e 4, así como o correspondente **Informe de Auditor**.

En....., a ..... de ..... de 2022



**CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS (EXCEPTO PERSOAL PROPIO)**

**Nome do beneficiario:**

**NIF do Beneficiario:**

**Orzamento subvencionable:**

**Nome do programa:**

REF. (1)	Nome da actividade	Descrición do gasto (2)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
XX											
<b>TOTAL PÁXINA</b>											

**NOTAS explicativas:**

- (1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
- (3) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

**Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria**



**CADRO 2: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS: GASTOS DE PERSOAL PROPIO**

**Nome do beneficiario:**

**NIF do Beneficiario:**

**Orzamento subvencionable:**

**Nome do programa:**

REF. (1)	Nome da actividade	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (2)	Data de inicio (3)	Data Final (3)	Nº. total de horas anuais segundo ou contrato (4)	Salario Bruto (5)	Custo SS a cargo dá empresa	Salario bruto + custo SS a cargo dá empresa	Custo hora (6)	Nº. Horas imputadas ao programa	Custo total imputado ao programa (7)	
1														
2														
3														
4														
5														
8														
9														
XX														
TOTAL														

NOTAS explicativas:

- (1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Indicar o posto de traballo da persoa
- (3) Período de tempo dedicado polo persoal a cada actividade do programa.
- (4) Horas anuais do empregado segundo o contrato de traballo.
- (5) Salario bruto (antes de ningunha dedución)
- (6) Salario Bruto + Seguridade Social a cargo do Beneficiario / nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano
- (7) Custo hora \* Nº. horas imputadas a cada actividade do programa

**Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria**



**CADRO 3: RELACIÓN DE GASTOS INDIRECTOS (EXCEPTO PERSOAL PROPIO)**

**Nome do beneficiario:**

**NIF do Beneficiario:**

**Orzamento subvencionable:**

**Nome do programa:**

REF. (1)	Descrición do gasto (2)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado	
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
15											
XX											
<b>TOTAL</b>											

**NOTAS explicativas:**

- (1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
- (3) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

**Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria**



**CADRO 4: GASTOS INDIRECTOS DE PERSOAL PROPIO**

**Nome do beneficiario:**

**NIF do Beneficiario:**

**Orzamento subvencionable:**

**Nome do programa:**

REF. (1)	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (2)	Data de inicio (3)	Data Final (3)	Nº. total de horas anuais segundo ou contrato (4)	Salario Bruto (5)	Custo SS a cargo dá empresa	Salario bruto + custo SS a cargo dá empresa	Custo hora (6)	Nº. Horas imputadas ao programa	Custo total imputado ao programa (7)	
1													
2													
3													
4													
5													
6													
7													
XX													
TOTAL													

NOTAS explicativas:

- (1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Indicar o posto de traballo da persoa
- (3) Período de tempo dedicado polo persoal a cada actividade do programa.
- (4) Horas anuais do empregado segundo o contrato de traballo.
- (5) Salario bruto (antes de ningunha dedución)
- (6) Salario Bruto + Seguridade Social a cargo do Beneficiario / nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano
- (7) Custo hora \* Nº. horas imputadas a cada programa

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria



## ANEXO II: PAUTAS A SEGUIR POLO AUDITOR PARA A REALIZACIÓN DA REVISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

### A.- PROCEDEMENTOS

O auditor debe aplicar os procedementos recollidos no artigo 3 do anexo da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Resúmense a continuación:

#### 1. Procedementos de carácter xeral:

- a) Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario.
- b) Solicitud da conta xustificativa. Comprobación dos elementos da conta xustificativa, e da competencia da persoa que a subscribe para iso.
- c) Informe de auditoría e comunicación co auditor de contas. Se o auditor é diferente do que auditou as contas anuais da entidade, exame da devandita auditoría para coñecer se contén algunha excepción que puidese condicionar o traballo de revisión.

#### 2. Procedementos específicos relativos á conta xustificativa:

- a) Revisión da Memoria de actuación, o auditor deberá analizar o contido da dita memoria e estar atento, ao longo do seu traballo, ante a posible falta de concordancia entre a información contida nesta memoria e os documentos que serviran de base para a realización da xustificación económica.

Igualmente, levará a cabo a comprobación da efectiva realización polo beneficiario das actividades subvencionadas, para o que deberá proceder a verificar a existencia dalgún tipo de soporte documental, á revisión de datos obxectivamente contrastables, á inspección física dos elementos tanxibles, ou outros, que, atendendo a o seu criterio profesional, estime necesarios.

- b) Memoria económica abreviada.

- 1. Que a información económica contida na memoria está soportada por unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade subvencionada, con identificación do acredor e da factura, o seu importe, data de emisión e a data de pago.



2. Que a entidade dispón de documentos orixinais acreditativos dos gastos xustificadas e do seu pago e que os devanditos documentos foron reflectidos nos rexistros contables.

3. Que os gastos e investimentos que integran a relación cumpren os requisitos para ter a consideración de gasto subvencionable, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.

4. Que os custos indirectos se imputaron polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Ao responder a un sistema de repartición, o auditor solicitará do beneficiario unha declaración respecto da súa natureza, contía e criterios de repartición que se anexará ao informe. Sobre a base desta información avaliarase a adecuación desta imputación. Tamén se comprobará que o seu importe atópase desagregado adecuadamente na conta xustificativa.

5. Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

6. Que se clasificaron correctamente, de acordo co contido do convenio, os gastos e investimentos na Memoria económica, especialmente naqueles casos en que o beneficiario se comprometera a unha concreta distribución dos mesmos.

7. Que se solicitou do beneficiario unha declaración das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados. Dita declaración incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do devandito artigo. De non estar permitida a subcontratación, a declaración do beneficiario conterá unha manifestación de non atoparse incurso no incumprimento desta prohibición.

O auditor comprobará ao longo da súa revisión a concordancia da información contida nesta declaración, co obxecto de comprobar a súa concordancia co resto de información ou documentación utilizada polo auditor para a execución dos procedementos contemplados nesta norma.

8. Que se produce a necesaria coherencia entre os gastos e investimentos xustificadas e a natureza das actividades subvencionadas.

c) Solicitud ao beneficiario dunha declaración relativa ao financiamento da actividade subvencionada.



O auditor analizará a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a efectos de determinar a posible incompatibilidade e, no seu caso, o exceso de financiamento.

- d) Revisión do certificado de taxación de bens inmobles, no seu caso.
- e) Comprobación da carta de reintegro de remanentes, de selo caso.
- f) Carta de manifestacións.

Ao termo do seu traballo o auditor solicitará á entidade beneficiaria unha carta, asinada pola persoa que subscribiu a conta xustificativa, na que se indicará que se informou ao auditor acerca de todas as circunstancias que poidan afectar á correcta percepción, aplicación e xustificación da subvención. Tamén se incluírán as manifestacións que sexan relevantes e que sirvan de evidencia adicional ao auditor sobre os procedementos realizados.

- g) Outros procedementos.

Ademais comprobará:

- a) O informe do auditor conterá un pronunciamento sobre a existencia dun sistema de contabilidade separada para os gastos obxecto da subvención.
- b) O informe recollerá mención expresa sobre a comprobación da elixibilidade do IVE e, de selo caso, a imputación do IVE de acordo coa porcentaxe resultante da declaración do rateo do IVE (modelo 390).
- c) No caso de que ao beneficiario lle fose de aplicación a normativa en materia de contratación do sector público, o seu cumprimento.
- d) Execución por membros asociados ou vinculados. No caso de que os membros asociados ao beneficiario executen total ou parcialmente as actividades obxecto de convenio en nome e por conta deste e así estea establecido no convenio, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, o informe do auditor recollerá:
  - A verificación do cumprimento do establecido no artigo 28.8 da Lei de subvencións de Galicia.
  - Achegar á información económica da Memoria co conseguinte detalle de gastos e investimentos nos que incorreron os membros asociados para levar a cabo a actividade subvencionada, coa mesma desagregación e formato que se lle esixe ao beneficiario principal.

## **B.- ANÁLISE DOS DATOS**

As comprobacións efectuaranse sobre o **100% dos gastos e pagos** incluídos na relación de gastos e pagos.



Consideraranse, á hora de realizar a análise, os **conceptos, custos directos, custos de persoal e custos indirectos.**

**1. Aspectos a analizar:**

a) En canto ás facturas e outros documentos acreditativos do gasto:

- Que as facturas e xustificantes de gasto cumpren os requisitos, de acordo co establecido no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Que as datas de emisión estean incluídas no prazo de realización da actuación segundo o convenio de colaboración.
- Deberá comprobarse que o beneficiario procedeu ao estampillado de todas as facturas orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente que se inclúen na relación de gastos. O estampillado incluirá a porcentaxe de financiamento da Xunta de Galicia.

b) En canto aos pagos:

- Que os pagos están realizados dentro do prazo de xustificación establecido no convenio.
- Non se admiten os pagamentos en efectivo.
- Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un detalle dos pagamentos efectuados onde se poida identificar o documento de gasto en cuestión.
- No caso de axudas concorrentes, verificará que non existe duplicidade de facturas.
- O beneficiario facilitará ao auditor ou sociedade de auditoría externa documentación para realizar a verificación.

**C.- CONTIDO DO INFORME**

O informe deberá ter polo menos o contido sinalado no artigo 7 da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio e fará mención expresa a cada un dos puntos sinalados no apartado anterior.

Ademais do anterior, deberá constar no informe un cadro resumen, indicando o orzamento financiable segundo o convenio, o importe imputado polo beneficiario na documentación xustificativa, o importe realmente xustificado considerando os criterios detallados en cada caso, o importe en gastos de persoal aos que se fai referencia na cláusula décimo cuarta, punto primeiro, segundo parágrafo, e a cantidade finalmente válida a xuízo do auditor, tendo en conta que non poderá nunca superar ao financiable.



Ademais, explicaranse as diferenzas entre o orzamento acreditado polo beneficiario e o considerado validamente xustificado polo auditor, indicando os motivos destas e o seu importe.

Adicionalmente:

O auditor poderá incluír calquera comentario que ao seu xuízo sexa relevante e engada claridade á análise realizada.



### ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN DE AXUDAS

En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actuacións obxecto deste convenio.
- Solicitou outras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.
- É beneficiario doutras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.

Relación de axudas solicitadas e concedidas:

Actividade para a que se solicita ou concede a axuda	Organismo que concede a axuda	Ano	Axuda Solicitada (*)	Axuda Concedida (*)	Importe Subvencionable (€)	Porcentaxe de concesión	Axuda concedida (€)	Data de concesión	Disposición Reguladora

Así mesmo, a partir da data desta declaración, comprométome a comunicar as axudas que obteña e/ou solicite para as mesmas actuacións.

(\*) Síñale o que proceda

Nome, apelidos e sinatura do representante legal e selo entidade beneficiaria